

### **1.- Palabrario estatístico de educaBarrié**

---

Os dous termos estatísticos que se engadiron esta semana ao **Palabrario** de educaBarrié son:

- *Estimación puntual*, definido por María José Lombardía Cortiña.
- *Intervalo de confianza*, definido por Antonio Vaamonde Liste.

Páxina web: <http://www.educabarrie.org/gl/palabrario>

### **2.- Bolsas de formación para posgraduados**

---

O *Ministerio da Presidencia* convoca, en réxime de concorrencia competitiva, e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, sete bolsas destinadas a titulados superiores universitarios para a formación en métodos e técnicas utilizados na investigación social aplicada (BOE nº 242 de 9 de outubro de 2013).

Presentación de solicitudes: ata o 24 de outubro de 2013.

Máis información: <http://www.boe.es/boe/dias/2013/10/09/pdfs/BOE-A-2013-10525.pdf>

### **3.- 97 European Study Group for Industry (ESGI)**

---

Do 11 ao 14 de novembro de 2013 celebrárase en Santiago de Compostela o **97 European Study Group for Industry**, grazas á colaboración entre o Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI) e a Red Española Matemática - Industria (math-in), e á financiación recibida a través dun proxecto co goberno noruego.

Os problemas presentados e as empresas participantes nesta edición son:

- Electric Scale up for a carbothermic Al-process | Teknova AS e Alcoa Norway ANS.
- Process models for the production of Microalumina | Elkem AS Silicon Materials.
- Deseño dunha rede óptima de sensores de medida para monitorización de recurso renovable en áreas xeográficas | Centro Nacional de Energías Renovables (CENER).

Máis información: <http://math-in.net/97ESGI/index.html>

### **4.- Xornada de celebración do Ano Internacional da Estatística**

---

O venres 18 de outubro de 2013 terá lugar en Barcelona (Palau del Parlament) unha xornada de celebración do Ano Internacional da Estatística (*Jornada de celebració de l'Any Internacional de l'Estatística*).

Máis información: <http://e2013.wordpress.com/2013/10/12/palau-del-parlament-de-catalunya/>

Un saúdo,  
SGAPEIO  
Facultade de Matemáticas  
Campus Vida, s/n  
15782 Santiago de Compostela  
A Coruña (ESPAÑA)  
E-mail: [secretaria@sgapeio.es](mailto:secretaria@sgapeio.es)  
Web: <http://www.sgapeio.es>